

Entrevista para a revista dixital “Tempo de lecer”

Periodista: Raquel Feijóo

- Cando empezou a escribir? Lembra os seus primeiros garabatos sobre o papel?

Con tres anos lía e escribía, as miñas lembranzas son de libros, de cadernos e lápices desde sempre. Lembro que imitaba a letra do meu pai, que estaba en Alemania coa miña nai, e fascinábame a súa letra, tan caligráfica, polo que pasaba horas tentando que foran os meus garabatos parecidos aos del, cartas en man, cunha paciencia abraiante.

- Asegura vostede que a poesía tende pontes para soñar nun futuro e cimenta a liberdade. E tanta a forza deste estilo literario? Estou convencida de que sí. A palabra, en sí mesma, ten un poder inmenso. A Poesía, a través da verba, adéntrase na emoción e na razón humana, sen censuras; escarba dentro, nese silencio onde se atopa o xéneses da sensibilidade para voltar en voz ao indecible, voltar en beleza á morte, a mágoa, e proclamar e celebrar a Vida.

- Cal é o papel da poesía na sociedade actual? Na acción da palabra é onde se atopa a liberdade do home. A Poesía é o instrumento perfecto para atopar o íntimo, o enxebre que convive en nós, e tamén é o instrumento perfecto para canalizar todas esas emocións que se rexistran a nivel individual pero como consecuencia do colectivo, da sociedade da que formamos parte, e por ende comunicar. Hoxe en día temos os medios máis precisos para comunicarnos e vivimos nese paradoxo de incomunicación. Un poema comunica, trascende, abriga a alma e esperta ao corpo, axuda a coñecernos e, por ende, a coñecer aos demais.

- E, nesta liña, que papel desempeña o poeta? A Poesía é unha invitación a meditar ata o fondo da palabra, e o poeta ha de comprometerse en todos os xeitos co coñecemento interior. Verdade contra superficialidade, creación como desocultación, somentes así o poeta pode comunicar, chegar ao lector, facer que sinta o escrito, favorecer a reacción a favor dun mundo máis humano, máis enxebre, menos cruel.

- *Saber que alguien habita este suspiro, que hay caricias que dejan sin epidermis mis noches. Qué lejos está hoy mi corazón de mi cuerpo...* **É o amor o tema máis recorrente dos seus poemas? Que outros temas lle preocupan como escritora?** O amor é importante, como emoción e como senso, abre o futuro porque transcende dun mesmo e conforma esa ponte entre o orixe e o mundo. E como parte dese engranaxe do que somos parte, preocúpame o mundo no que vivo. Reivindico de cotío sobre aqueles que non teñen opción a defenderse, por riba de todo os nenos. Aínda que a Poesía que máis me enche e a que afonda dentro do ser humano, a que saca os demos e os deuses para saber quen é e qué o motiva.

- *Soy verso a verso una estrofa desmedida entre tus manos. Invéntame un poema, mi amor, entre susurros a mi oído. Engárzame a la voz que te declame, que te reclama (...)* **Estamos lendo á Celsa Barja poeta ou estamos coñecendo os sentimentos da escritora?** Estamos lendo a Celsa Barja poeta a través de sentimentos colectivos e universais. Non invento nada, todo está aí, vindo deica nós pero esquecemos lembrar que sabemos. Amo a Poesía, amo a palabra e amo somatizala para atoparme con ela. É unha relación erótico-amorosa a que mantemos entre as dúas, coas nosas liortas e os nosos intres de reconciliación. Claro que van os meus sentimentos, iso é vital, senón o poema sería un engano, un fraude. Outra cousa é quen ou qué me esperta eses sentimentos, ou a quen ou a qué van dedicados... hai que escoitarme cos ollos, e iso non é moi doado. En cada poema está a poeta e está a persoa co seu corpo e a súa alma.

- *Bebo tu nombre... Mi deseo está sediento. É este un sentimento de Celsa Barja ou so unhas letras xuntas nun papel que din bonito?* A Poesía non a conforman unhas palabras ben escollidas, senón o corazón. Non vale escribir cos dedos, hai que escribir co sentimento, por iso a tinta ás veces muda. Unhas veces escíbese con bágoas, outras con sangue, outras con lume. É imprescindible que a tinta sexa de verdade.

- **Por que ese canto ao amor e á súa beleza ?** Porque todo lle fai a guerra ao amor, ata a televisión. Parece que fuximos da tenrura, parece que nos avergoñamos de dar unha aperta, que non damos un bico si primeiro non somos bicados. E amar é non é facer a compra do super. O amor é pureza e a pureza e ese empezar sempre, a ilusión, a felicidade. Buscamos a ovación do universo e esquecemos ser felices. Por iso hay que

celebrar o amor, e onde hai amor, sempre hai beleza. E o máis grande que temos, é o que nos fai ser máis humanos que é do que se trata, e non de que ningún sexa un deus de ningún.

- **O día 10 de maio presenta en Ourense o seu libro *Espindo un bico*. Como vai ser o acto de presentación?** Será moi enxebre, na Biblioteca Nodal, un lugar con moito peso para min, porque aí tiven a miña segunda casa. Está prevista unha pequena introdución, declamación dalgún poema co acompañamento do cantautor Israel Eliaz, que tivo a xentileza de poñer música e voz a un poema do libro, e iso emociona a esta pequena aprendiz de xuntalettras. Haberá un momento para que o público pregunte o que considere pertinente sobre a obra e para que interactúe, que é o que máis me gusta, sentir que o lector participa.

- **Fáleme desta obra.** “Espindo un bico” foi todo un reto. Primeiro por ser en galego, non son (nunca fun) galego falante, e iso nótase. Aínda así fixen unha mezcolanza moi particular, porque non me cinguín ao idioma normativo, senón que deixei que verbas cotiás se ubicaran e fusionaran. Busquei algo espontáneo, non perfecto, algo natural, libre. A liberdade é moi importante para min e de aí esta aventura. Un poemario baixo selo editorial propio, maquetado persoalmente, difundido e distribuído tamén dese xeito. Poemas onde un bico simboliza a inocencia, a pureza e a liberdade, espido de prexuízos, de tabús e de falsidades. É o amor no que creo, ao que espero, ao que atopo sempre no meu mundo de versos.

- **Algún poema que lle guste especialmente.** O derradeiro é o que máis me gusta, “Aire”:

*“Ámote deixando pegadas no aire,
esbozando o baleiro que te reflicte,
sentindo como me baten as mans
estirando os dedos que en ti insisten.
Descalza camiño o teu sono na noite,
afundindo os pés na paixón compartida,
pasos fuxindo enfeitizados de tenrura,*

*oscilantes, sensuais, case de puntillas.
Imaxino un cristal cheo do meu bafexo,
co dedo debuxo a caricia que treme,
é o meu tacto o que roza a túa espera,
é a túa pel no aire agardando quente.
Achego a boca no baleiro ó teu pescozo,
coa lingua descendo a modiño a túa carne,
ti co teu infinito énchesme de ti...
e ámote deixando pegadas no aire...”*

- Onde se pode adquirir e a que prezo? Pódese atopar na Livraría Torga ou pedilo a través dun dos meus blogs, “[Utopía](#)”, vale 10 euros. Os envíos por correo son gratuítos.